

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 1644** *Real decreto 101/2011, do 28 de xaneiro, polo que se establecen as normas básicas que rexerán os sistemas de acreditación e verificación das emisións de gases de efecto invernadoiro e os datos toneladas-quilómetro dos operadores aéreos e das solicitudes de asignación gratuíta transitoria de instalacións fixas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

O réxime de acreditación de verificadores de informes de emisións de gases de efecto invernadoiro está actualmente definido no Real decreto 1315/2005, do 4 de novembro, polo que se establecen as bases dos sistemas de seguimento e verificación de emisións de gases de efecto invernadoiro nas instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

A aprobación das directivas comunitarias 2008/101/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE co fin de incluír as actividades de aviación no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro a partir de 2012, e 2009/29/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para perfeccionar e ampliar o réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que incorpora importantes novidades no réxime das instalacións fixas, xa traspostas ao noso ordenamento xurídico a través da Lei 13/2010, do 5 de xullo, pola que se modifica a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, para perfeccionar e ampliar o réxime xeral de comercio de dereitos de emisión e incluír nel a aviación, xeraron algunhas necesidades novas en materia de verificación.

Así, os operadores aéreos deben realizar o seguimento das súas emisións de gases de efecto invernadoiro a partir de 2010 e dos seus datos de toneladas-quilómetro durante o ano de seguimento para efectos da solicitude de asignación. O ano de seguimento para a asignación dos períodos 2012 e 2013-2020 é o ano 2010. Os informes de emisións e os datos de toneladas-quilómetro deben ser verificados de conformidade co disposto no anexo IV da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e na normativa comunitaria sobre verificación e acreditación. Antes do 28 de febreiro de 2011 o operador aéreo deberá remitir ao Ministerio de Fomento o primeiro informe verificado sobre as emisións do ano 2010 e ao Ministerio de Ambiente e Medio Rural e Mariño os datos de tonelada-quilómetro verificados para efectos de solicitude de asignación para os períodos 2012 e 2013-2020.

Por outro lado, no novo réxime de comercio de dereitos de emisión, as instalacións que teñan dereito recibirán asignación gratuíta conforme unhas regras comúns a toda a Unión Europea. Segundo o previsto na Directiva 2003/87/CE, estas normas harmonizadas deberanse adoptar antes do 31 de decembro de 2010. Esta decisión podería conter a previsión de que as solicitudes de asignación gratuíta para o período 2013-2020, que deben ser presentadas polos titulares das instalacións antes do 28 de febreiro de 2011, tivesen que ser verificadas de forma independente.

Estes novos requisitos fan necesaria unha adaptación do marco de acreditación e verificación para o réxime de comercio de dereitos de emisión, que até o de agora só consideraba as actividades de verificación dos informes anuais de emisións das instalacións fixas.

Por outro lado, esta adaptación do marco específico de acreditación de verificadores para o réxime de comercio de dereitos de emisión débese levar a cabo no contexto do marco comunitario de acreditación establecido polo Regulamento (CE) Nº 765/2008, do 9

de xullo de 2008, de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2010, que introduce, entre outras novidades, o requisito de que os Estados membros designen un único organismo nacional de acreditación.

Por último, débese tomar en consideración que a Directiva 2009/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril, prevé que antes de finalizar 2011 se aprobe un regulamento comunitario sobre acreditación e verificación específico en materia de comercio de dereitos de emisión, que podería obrigar a unha revisión de maior alcance do Real decreto 1315/2005.

Canto aos títulos competenciais que xustifican a aprobación deste real decreto, en primeiro lugar hai que remitir ao artigo 149.1.23.^a da Constitución española, que reserva ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección e das súas competencias recoñecidas estatutariamente.

Así mesmo, este real decreto contén disposicións relativas á asignación de dereitos de emisión, aspecto que, como se recordou na exposición de motivos da Lei 13/2010, do 5 de xullo, ten decisivas consecuencias sobre sectores económicos tales como o industrial e o eléctrico, e afecta a toma de decisións empresariais tales como a estratexia de investimentos, os seus niveis de produción, etc. Esta disposición normativa contén igualmente obrigas para os operadores aéreos de remitiren información verificada das toneladas-quilómetro, que tamén servirán de base para a asignación a este sector. En consecuencia, débese ter en conta a competencia estatal para determinar as bases da planificación xeral da actividade económica prevista no artigo 149.1.13.^a, respecto ao cal a xurisprudencia constitucional admitiu que ampare tanto normas estatais que fixen as liñas directrices e os criterios globais de ordenación de sectores económicos concretos e actuacións executivas en relación con prácticas ou actividades que poidan alterar a libre competencia e teñan transcendencia sobre o mercado supraautonómico.

Por último, débese sinalar que estes títulos competenciais que se acaban de referir foron tamén os invocados para a aprobación da Lei 13/2010, do 5 de xullo, da cal este real decreto é un desenvolvemento.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Economía e Facenda, de Fomento e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas básicas que rexerán os sistemas de acreditación e verificación das emisións de gases de efecto invernadoiro e os datos toneladas-quilómetro dos operadores aéreos e das solicitudes de asignación gratuíta transitoria no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Artigo 2. *Verificadores.*

Para os efectos deste real decreto, un verificador é un organismo competente, independente e acreditado para levar a cabo os procesos de verificación previstos nesta disposición normativa, de acordo cos requisitos establecidos no anexo IV da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e a demais normativa aplicable.

Artigo 3. *Requisitos de notificación e modelos electrónicos normalizados para actividades de aviación.*

1. Os operadores aéreos deberán remitir ao Ministerio de Fomento, nos termos previstos no artigo 22 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, o informe verificado sobre as emisións das aeronaves que opera do ano precedente.

2. Os operadores aéreos deberán presentar ante o Ministerio de Ambiente, e Medio Rural e Mariño, nos termos previstos no artigo 38 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, os datos de toneladas-quilómetro verificados en relación coas actividades de aviación realizadas no ano de seguimento para efectos de solicitar asignación de dereitos de emisión.

3. Os informes de emisións verificados serán presentados co formato dos modelos electrónicos normalizados previstos no punto 7 do anexo XIV da Decisión 2007/589/CE, da Comisión, do 18 de xullo de 2007, modificada pola Decisión 2009/339/CE, da Comisión, do 16 de abril de 2009.

4. Os informes de datos de toneladas-quilómetro serán presentados co formato dos modelos electrónicos normalizados previstos no punto 6 do anexo XV da Decisión 2007/589/CE da Comisión, do 18 de xullo de 2007, modificada pola Decisión 2009/339/CE da Comisión, do 16 de abril de 2009.

Artigo 4. Criterios para a acreditación dos verificadores para actividades de aviación.

1. Soamente poderán verificar os informes relativos ás emisións das aeronaves e os datos de tonelada-quilómetro os verificadores cuxa acreditación, no que respecta ás actividades de aviación, fose outorgada polo organismo nacional de acreditación designado de conformidade co artigo 4.1 do Regulamento (CE) n.º 765/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008.

2. O verificador deberá:

- a) Ser independente do operador aéreo.
- b) Levar a cabo as súas actividades de maneira profesional, competente e obxectiva.
- c) Coñecer a normativa e as directrices pertinentes en materia de seguimento e verificación de emisións de gases de efecto invernadoiro e datos toneladas-quilómetro. En particular:

1.º As disposicións da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e a súa normativa de desenvolvemento.

2.º As directrices sobre elaboración de inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro aprobadas polo Panel Intergubernamental de Cambio Climático, no que sexan pertinentes por actividade e gas afectado.

3.º As normas e directrices pertinentes adoptadas pola Comisión Europea, en particular a Decisión 2009/339/CE, do 16 de abril de 2009, pola que se modifica a Decisión 2007/589/CE, do 18 de xullo de 2007, en relación coa inclusión de directrices para o seguimento e a notificación de emisións e datos sobre as toneladas-quilómetro resultantes das actividades de aviación. Así mesmo, o verificador deberá coñecer os modelos electrónicos normalizados establecidos no punto 7 do anexo XIV e o punto 6 do anexo XV da Decisión 2007/589/CE, da Comisión, do 18 de xullo de 2007, modificada pola Decisión 2009/339/CE, da Comisión, do 16 de abril de 2009.

4.º As recomendacións e resolucións interpretativas que poidan ser elaboradas pola Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

5.º Os requisitos legais, regulamentarios e administrativos aplicables ás actividades verificadas.

6.º A xeración de toda a información relacionada con cada fonte de emisións do operador aéreo, en especial a relativa á recolla, medición, cálculo e notificación dos datos.

3. Para a acreditación dos verificadores, o organismo de acreditación comprobará que estes cumpren os requisitos mínimos anteriores e confirmará que dispoñen de:

- a) Unha estrutura organizativa e funcional e uns procedementos que garantan a súa independencia e imparcialidade e a do seu persoal, con respecto ás entidades sometidas a verificación e aos seus titulares.

- b) Competencia e coñecemento das actividades e procesos de verificación, incluíndo competencia e coñecemento das técnicas de investigación, observación, inspección e procedementos analíticos para poder elaborar e seguir os plans de verificación.
- c) Coñecemento básico das actividades desenvolvidas polos operadores aéreos sometidas a verificación.
- d) Procesos de verificación que ofrezan expectativas razoables de identificar discrepancias importantes e niveis aceptablemente baixos do risco de verificación.
- e) Procedementos para aplicar correctamente de forma sistemática os procesos de verificación e sempre de forma profesional e competente e respectando a normativa aplicable.
- f) Experiencia previa demostrada en actividades de verificación ambiental ou en actividades similares de avaliación da conformidade.
- g) Procedementos para asegurar un tratamento confidencial adecuado de todos os datos sometidos a verificación.
- h) Procedementos e arquivos para asegurar a adecuada xestión e conservación de todos os datos.

Artigo 5. Ampliación do alcance da acreditación ás actividades de aviación para verificadores xa acreditados.

Con independencia da entidade que os acredite, os verificadores que dispoñan dun certificado de acreditación en vigor que lles permita realizar actividades de verificación no marco do previsto na Lei 1/2005, do 9 de novembro, poderán ampliar o alcance das súas acreditacións ás actividades de aviación en canto sexa válido o seu certificado de acreditación sempre que cumpran os criterios exixidos, para as actividades de aviación, polo organismo nacional de acreditación designado de conformidade co artigo 4.1 do Regulamento (CE) n.º 765/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008. Para estes efectos o organismo nacional de acreditación non poderá reclamar aos verificadores que xa dispoñan dun certificado de acreditación en vigor aprobado por outra entidade de acreditación exixencias adicionais ás previstas para ampliar o alcance aos acreditados polo propio organismo. Neste caso o organismo nacional de acreditación emitirá un certificado de acreditación específico para as actividades de aviación.

Artigo 6. Recoñecemento dos verificadores de aviación acreditados noutros Estados membros.

Os verificadores acreditados polo organismo nacional de acreditación de calquera Estado membro da Unión Europea poderán desempeñar actividades de verificación no sector da aviación en España sempre que o dito organismo se sometese con éxito ao sistema de avaliación por pares previsto no Regulamento (CE) n.º 765/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, que o alcance do seu certificado de acreditación cubra as actividades de aviación, e que o comuniquen con 5 días naturais de anticipación ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para os efectos de que este comprobe a existencia de tal acreditación, e sempre que este ministerio non adopte resolución expresa motivada en senso contrario en caso de que non se poida verificar a existencia de acreditación válida doutro Estado membro. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño ou a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá asistir ás verificacións realizadas aos operadores aéreos cuxa xestión corresponda a España de acordo co establecido na Lei 1/2005, do 9 de marzo.

Artigo 7. Solicitudes de asignación gratuíta para o período 2013-2020.

A solicitude de asignación gratuíta prevista no artigo 17 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, axustarase ao establecido nas normas adoptadas a nivel comunitario. A verificación que, se for o caso, se deba realizar, levaraa a cabo un verificador acreditado no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión, con independencia do alcance da súa acreditación, que se deberá axustar ao previsto nas referidas normas comunitarias.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución española.

2. A regulación establecida nos artigos 1, 3.2 e 3.4, e 5 no relativo aos datos de toneladas-quilómetro verificados, ben como o artigo 7 deste real decreto, dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións e resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xaneiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO